<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión lectora - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega. - Procesos: produción escrita - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable. - Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa. - Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
10	Os perigos da illa	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais de forma coherente e de xeito fluído utilizando correctamente os distintos recursos verbais.	PE	35
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende distintos tipos de texto sendo capaz de dividilo en partes, resumilo e extraer a idea principal.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as distintas linguas empregadas na súa contorna e valora a diversidade das mesmas como medio de enriquecemento cultural.	TI	65
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresase oralmente de xeito coherente atendendo ás distintas situacións comunicativas, partindo dun vocabulario de acordo ao seu nivel.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de maneira silenciosa e en voz alta, textos de distinta tipoloxía en lingua galega con certa fluidez de acordo ao seu nivel.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada unha competencia lingüística en lingua galega de acordo ao seu nivel a través da lingua escrita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Fai un uso e tratamento da información a través das TIC de modo eficiente e responsable.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte as súas experiencias lectoras no eido escolar e valora a riqueza das mesmas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: produción oral - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.

UD	Título da UD	Duración
11	A representar!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais de forma fluída e sinxela, empregando correctamente os distintos recursos verbais.	PE	35
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada unha competencia linguística axeitada ao seu nivel.		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte experiencias lectoras empregando diversos soportes.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica e valora as distintas linguas presentes na súa contorna.	TI	65
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Exprésase de xeito coherente na linguaxe oral atendendo ás distintas situacións e contextos, cun vocabulario de acordo ao seu nivel.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de xeito silencioso distintos tipos de textos comprendendo o seu sentido global e empregando estratexias de comprensión antes, durante e despois da lectura.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende textos en lingua galega valorando os mesmos como medio de enriquecemento cultural.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Adopta estratexias críticas con respecto ao uso responsable e dominio eficiente das novas TIC.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: produción oral - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatória e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.

UD	Título da UD	Duración
12	Acaba a función	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Produce textos orais de xeito coherente e fluído empregando recursos verbais axeitados ao seu nivel.	PE	45
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Comprende textos en lingua galega de diversa tipoloxía valorando o seu uso e dominio como medio para enriquecer o seu vocabulario.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada as destrezas e competencias lingüísticas de acordo ao seu nivel.		
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Identifica as linguas presentes na súa contorna valorando a diversidade das mesmas.	TI	55
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Exprésase oralmente con coherencia atendendo ás distintas situacións comunicativas e aos diferentes contextos, partindo de experiencias propias.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Le de xeito silencioso e en voz alta textos en lingua galega procedentes de diversos soportes e empregando estratexias sinxelas de comprensión lectora.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da Información e da comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Adopta hábitos de uso responsable e dominio eficiente das novas TIC.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, participando en comunidades lectoras no ámbito escolar ou social.	Comparte experiencias lectoras facendo uso de distintos soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido en textos orais (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información). - Procesos: produción oral - Elaboración de textos orais axeitados ao nivel, con utilización correcta dos elementos da prosodia e non verbais, empregando unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos, en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora - Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación. - Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social. - Valoración dos textos literarios e da literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como recurso de gozo persoal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Castelá e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.

Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:

>Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.

>Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.

>Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos/as en función das súas capacidades e necesidades.

>Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.

>Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

>Progresividade e consolidación: todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecementos novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas distintas unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o cal os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co momento lector diario ao comezo da xornada lectiva de 09:00 a 09:20 , así como o recollido no proxecto lector do centro. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc en lingua galega como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc conforma unha visión máis integral da realidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles do alumnado
Portátil de aula e do docente e PDI
Espazo EVA Edixgal, cos recursos dispoñibles e elaborados
Material funxible do alumnado: caderno, lapis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos en Lingua Galega.
Fontes documentais da Internet e a Prensa Escola.

O alumnado traballará fundamentalmente co equipo dixital persoal. Utilizará cadernos e outro material para a escritura manual como complemento ás ferramentas dixitais e tamén o recurso da Prensa Escola do que disporán unha vez á semana.

A disposición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo o traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.

A plataforma EVA Edixgal será o instrumento principal de interacción e secuenciación de tarefas docente/discente, e servirá tamén como control avaliativo.

Haberá outros espazos do centro de uso regular como a biblioteca.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación é un proceso de toma de decisións durante o cal se recolle información, debe formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino e ser reguladora e autorreguladora da aprendizaxe. A avaliación inicial debe ter dous grandes momentos: un a comezo de curso e outro ao comezo de cada unidade.

Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con

otros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...

- Obter datos relacionados ca contorna socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.

- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios.

- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

No proceso de recollida de información e a súa triangulación (entre instrumentos, momentos e/ou persoas), sexa cal sexa o tipo de avaliación inicial que abordemos, contarase con diferentes e variados instrumentos, situacións e procedementos para poder atender á diversidade sen priorizar nunca unha única opción. Usaranse procedementos como a observación, análise de producións do alumnado, intercambios orais-debates-entrevistas, probas escritas e cuestionarios. Respecto dos instrumentos empregaranse os de rexistro (listas de cotexo, listas de control, escadas de valoración, diarios, anecdotarios, rexistro de incidencias,...) e outros que permitan indicar os item ou aspectos a ter presentes xunto coa súa valoración (rúbricas e guías de observación). Tamén se terán en conta datos procedentes de autoavaliación e a coavaliación.

No comezo de curso pois, realizarase unha avaliación inicial que servirá para actualizar a información sobre o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado do curso pasado. Esta avaliación inicial constará de:

- Revisión do expediente de cada alumno/a, con especial atención no caso de alumnado de nova incorporación, se fose o caso.

- Observación individual para determinar o nivel de comprensión e expresión oral en lingua galega.

- Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.

- Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.

- Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.

Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	8	8	8	8	8	8	8	8
Proba escrita	50	73	53	32	42	76	44	50	54	35
Táboa de indicadores	50	27	47	68	58	24	56	50	46	65

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	100
Proba escrita	35	45	50
Táboa de indicadores	65	55	50

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de lingua e literatura galega de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores. Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

A AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE da avaliación final ordinaria farase tendo en conta as seguintes directrices:

- 1) Competencia en comunicación lingüística: os obxectivos de área 1 e 6 son fundamentalmente CCL
- 2) Competencia plurilingüe: o obxectivo de área 8 ten vinculacións coa CP no sentido de coñecer e respecta a diversidade lingüística e cultural presente no seu contorno, recoñecendo e comprendendo o seu valor como factor de diálogo, para mellorar a convivencia.
- 3) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: os obxectivos de área 2, 3 e 5 son fundamentalmente STEM
- 4) Competencia dixital: o obxectivo de área 4 é fundamentalmente CD.
- 5) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o obxectivo de área 7.
- 6) Competencia cidadá: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CC vinculadas ao traballo en equipo, o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade.
- 7) Competencia emprendedora: o obxectivo de área 8 ten importantes vinculacións coa CE vinculadas coa capacidade de liderado.
- 8) Competencia en conciencia e expresión culturais: o obxectivo de área: o obxectivo de área 5 é fundamentalmente CCEC.

En canto aos PROCEDIMENTOS de avaliación serán os que seguen:

- Faranse PROBAS ESCRITAS ao remate de cada unidade ou de cada dúas dependendo da relación e da continuidade dos contidos. Terán un peso na nota final da avaliación do 50%.

- En canto ás probas orais, estas terán un valor numérico que contará, ben no apartado de avaliación da unidade, ben dentro do apartado de traballo individual dependendo do tipo de proba.

- O TRABALLO INDIVIDUAL contará como medio para valorar a consolidación das aprendizaxes e como recurso para poder detectar as carencias e a futura posta en práctica de plans de reforzo, mellora e/ou recuperación así como o sentido da responsabilidade.

Tanto o traballo individual como o traballo en equipo terán un peso do 40% na nota final da avaliación.

- MOTIVACIÓN E ESFORZO para desenvolvemento do nivel competencial, suporá un 10% na nota final da avaliación.

Criterios de recuperación:

Todo o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha unidade didáctica, recibirá unha atención específica, incidindo nas cuestións que non adquiriu correctamente.

Para iso contarase en primeiro lugar co titor ou titora, e na medida das posibilidades, en función o que se dispoña dende o DO, co profesorado con dispoñibilidade horaria ou profesorado especialista de PT ou AL. Os momentos de traballo grupal do alumnado aproveitaranse para facer este reforzo ao alumnado que o precise.

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación integrarase na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa.

No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ao medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE.

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plan Director, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - O emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A educación para a paz, a saúde e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A resolución pacífica dos conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - O emprendemento.	X			
ET.2 - A igualdade de xénero.	X			
ET.3 - A educación para a paz, a saúde e o consumo responsable	X			
ET.4 - A resolución pacífica dos conflitos.	X			
ET.5 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.	X			
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X			

Observacións:

A área de Lingua Galega e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
tramo do camiño santiago	Un percorrido por un tramo do camiño no primeiro trimestre.	X		
sota vennto	visita a sotavento		X	
Ribeira Sacra	visita a Riveira Sacra	X		

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo (primeiro e terceiro trimestre), así como a participación nunha proposta dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa.

As actividades. tramo do camiño Santiago, Sotavento, Ribeira Sacra..Excursión fin de curso Cantabria.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).

Metodoloxía empregada
Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de motivación continuada do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Medidas de atención á diversidade
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre os/as docentes do nivel.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre o equipo docente do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta.

No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- >Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
 - >Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.
- Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:
- >Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
 - >Grao de adquisición de competencias na área.
 - >Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
 - >Deseño claro de criterio de avaliación que profile con claridade os mínimos esixidos.
 - >Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
 - >Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
 - >Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
 - >Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.
 - >Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
 - >Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico.

No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

Con cada período de avaliación haberá un informe sobre este proceso na área, que se remitirá á Xefatura de Estudos, para elaborar un informe global sobre o proceso educativo en tódalas áreas e niveis. Este informe marcará as liñas xerais para o seguinte trimestre ou curso.

9. Outros apartados